

COMUNICADO

Santiago de Compostela, a 07 de novembro de 2020.

A raíz das diferentes opinións e declaracións por parte de varios responsables locais que están a xurdir no referente ao deporte federado, dende a Unión de Federaciones Deportivas Galegas comunicamos:

- **O noso total apoio a todos os sectores** que desgraciadamente están sendo vítimas da crise e restricións provocadas por esta pandemia, en especial á hostalería que tantos éxitos e momentos pasou e de seguro que pronto volverá a pasar ao noso carón: compañeiros/as, estamos con vós. O deporte galego federado, estivo oito meses inmerso nunha situación similar á que desgraciadamente vos toca vivir agora, e moitos dos nosos que non son federados aínda están a aguantar estoicamente, con ilusión, con escasos recursos, sen apenas axuda e con grandes trabas moitas veces incoherentes e inxustificadas.
- **O deporte galego, estivo oito meses na UCI**, e aínda nos atopamos en observación á espera dun remedio que nos axude a non retroceder na nosa evolución; **oito meses de duro traballo para estudar, contrastar, concluír e adoptar medidas** que nos garantan minimizar os riscos ante un inimigo que non entende de sectores, de ámbitos e moito menos de cores políticas. Non imos mentir, tivemos momentos de soidade, momentos nos que para moitos de nós o ERTE ou a vídeo-consola non eran unha posibilidade, pensamos que todos aqueles que gozaban con nós e promulgaban os beneficios e os valores do deporte cando todo ía ben, xa non se lembraban da importancia do noso sector. **O deporte non tira a toalla, acadamos dar un paso máis e con moitas trabas, recuperar a nosa actividade, algúns antes, outros despois, e moitos aínda seguen a intentalo, pero todos coa ilusión de seguir dando un servizo esencial á sociedade**, un servizo do que tanto temos presumido e co que tantas fotos temos sacado. Somos parte da solución á irresponsabilidade social, á prevención e ao control na propagación deste virus, pero estásenos a resistir a incongruencia política e a demagogia que utiliza o pánico coma principal pilar para fomentar dun xeito pouco sutil unhas siglas políticas.
- Compañeiros/as de outros sectores, **que ninguén trate de enfrontarnos** para distraer a atención sobre a pasividade na adopción de medidas e inversión para facer fronte a esta crise; **que ninguén trate de politizar as nosas actividades** cando entre todos lle estamos a garantir unha comodidade e benestar social que desgraciadamente non vai acorde ao peche e loita dos vosos negocios e das nosas actividades; que non traten de convencernos de que a solución é parar e non adaptarse, que non nos veñan con contos porque nós cremos na seguridade da hostalaría, na seguridade dos transportes, na seguridade das escolas, na seguridade de toda aquela actividade que non escatime en tempo e traballo para frear esta pandemia e sacar á sociedade adiante. **O deporte galego é deporte seguro, e os traballadores/as galegos non escatiman en esforzos, que aos que lles toca, tampouco o fagan en medios de prevención.**
- Si a situación social, económica e sanitaria xa é preocupante de por si, sumásenos a crise política, nesta situación límite, en moitos casos, as nosas carencias están a relucir máis ca

nunca. **Pedimos a estes estamentos que se convertan no exemplo a seguir, e sexan os principais promotores de que as medidas se cumpran**, non queremos que sexan eles mesmos os primeiros en poñelas en dúbida. Pedimos tamén que non se adoiten medidas máis restritivas sen un criterio científico nin sanitario, tan só baixo unha posición de medo e pasividade; por certo, o medo e o pánico transmitíense, fraco favor facemos intentando camuflalo coma unha medida de protección...; máis concienciación, máis información, máis diálogo e menos alarmismo.

- As medidas son claras, podemos optar por confiar ou que cada quen siga a facer a guerra pola súa conta; pero xa temos demostrado que así os resultados son canto menos cuestionables. **Animamos á sociedade a respectar as medidas indicadas polas autoridades sanitarias**, entre outras cousas porque somos unha das comunidades mellor situadas ante esta ameaza, ó importante é que sabemos que hai moito que mellorar e estamos dispostos a facelo, non queremos protagonistas innecesarios nin debates mediáticos, vamos a apoiarnos e a sumar entre todos/as para que os nosos compañeiros/as en cuestión de días poidan empurrar e remar con nós, porque queremos ir a tomar a consumición ou encargar os bocadillos ao bar de sempre, porque queremos desprazarnos nos bus e poder mercar as nosas camisolas novas para xogar, porque cremos no que facemos.

Non sería xusto rematar este comunicado sen recordar que o deporte:

- É unha actividade que forma **parte do sector económico**, crea un gran número de postos de traballo directos e indirectos.
- É unha actividade que **complementa a formación** académica e familiar que reciben os nosos pequenos/as.
- É unha actividade que **promove valores** esenciais para a nosa sociedade.
- É unha actividade **controlada e baixo a tutela de protocolos contrastados e aprobados** polas esixentes autoridades sanitarias.
- É unha actividade que ademais de **fortalecer o noso sistema inmunolóxico e psicolóxico**, serve coma medio de evasión para desconectar das desgrazas que tristemente nos está a tocar presenciar.
- É unha actividade esencial para **evitar o sedentarismo e as enfermidades** derivadas do mesmo.
- E o máis importante, **NON É POLÍTICA**.

Ánimo compañeiros/as, xuntos sairemos desta.

O deporte galego non regatea en esforzos, solicitamos que ninguén o faga en medidas.
#DeporteSeguro #SomosSolución #Fortecodeporte